



ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

CONVENIO Nº 36014489-CSSSC02-001-244

Dunha parte:

D/D^a Rafael Maximino Antonio Núñez Portela, con DNI 35245980K como director/a do centro educativo CIFP A Xunqueira, código de centro 36014489, localizado en Pontevedra, provincia de Pontevedra, Rúa Rafael Areses s/n, código postal 36005, código de identificación fiscal Q8655111F, teléfono 886159860, correo cifp.xunqueira@edu.xunta.gal

e doutra:

D/D^a Valentín González Formoso con DNI 76412581A como representante/s legal/legal do centro de traballo CENTRO DE DIA DE MENORES DE FERROL, da empresa DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, localizado en Ferrol, provincia de Coruña (A), SanchezBarcáiztegui, nº 35. FERROL-, código postal 15401, código de identificación fiscal P1500000C, teléfono 981183300

EXPOÑEN

Que ambas as partes se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxectivo do presente convenio é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo, dirixido ao alumnado de formación profesional específica.

Que a devandita colaboración se fundamenta xuridicamente no artigo 42, número 2, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de ordenación xeral do sistema educativo (LOE).

ACORDAN

Subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros de traballo, de acordo coa normativa vixente emitida pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para o curso escolar 2020/2021, por parte do alumnado e correspondente ás ensinanzas que se recollen deseguido, que ambas as partes coñecen e acatan, e de conformidade coas cláusulas que figuran no reverso deste documento.

DENOMINACIÓN DA ENSINANZA	Integración social			CÓDIGO CSSSC02	
TITOR DO CENTRO EDUCATIVO D/Dª	Magdalena Rodríguez González				
APELLIDOS E NOME	DNI	NÚMERO HORAS	HORARIO ESPECIAL *	PERÍODO DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	
				DATA DE INICIO	DATA FINALIZACIÓN
Deus Casas Claudia	54156328E	384		06/04/2021	15/06/2021

* F: Fin de Semana / Festivo; N: Nocturno

Ao presente convenio incorporárase a programación de actividades formativas para desenvolver polo alumnado nos centros de traballo.

En Pontevedra, 25 de marzo de 2021	
O/A DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO	OS/AS REPRESENTANTES DO CENTRO DE TRABAJO
 Asdo: Rafael Maximino Antonio Núñez Portela	 Asdo: Valentín González Formoso

(Cláusulas do convenio na páxina 2)

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado que figura no presente convenio desenvolverá as actividades formativas programadas (anexo II) nos locais do centro de traballo ou, de ser o caso, naqueles lugares nos que a empresa titular do centro de traballo desenvolve a súa actividade productiva, sen que isto implique relación laboral ningunha coa empresa.

Segunda.- A empresa comprométese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto co titor do centro educativo, á revisión da programación se fose necesario, unha vez iniciado o período de prácticas e á vista dos resultados.

Terceira.- Cada alumno disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado pola persoa responsable da empresa en colaboración co titor do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas na empresa, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cubrirá a persoa responsable na empresa.

Cuarta.- A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo, que garantirá a orientación e consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesor-titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitarlle ao profesor-titor do centro educativo o acceso á empresa e as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

Quinta.- No caso de alumnado menor de idade a empresa comprométese a elixir á persoa titora responsable do alumnado e, de ser o caso, aos/as traballadores/as que vaian ter un contacto habitual con este alumnado unha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do código civil e da Lei de axuízamento civil, introducida pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Sexta.- A empresa ou entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interno, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas na empresa, salvo que se estableza para o efecto unha relación laboral de contraprestación económica por servizos contratados. Neste caso, considerase que o alumno abandona o programa formativo no centro de traballo, feito este que a empresa ou institución colaboradora lle deberá comunicar á dirección do centro escolar, quen pola súa vez lle comunicará á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Sétima.- O alumnado non percibirá do centro de traballo ningunha cantidade pola realización das actividades formativas.

Oitava.- O presente convenio poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a) Cesamento de actividades do centro docente, da empresa ou da institución colaboradora.
- b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas, ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
- d) Mutuo acordo entre o centro docente, adoptado pola súa dirección, e a empresa ou institución colaboradora. Igualmente, poderase rescindir para un alumno, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no convenio por decisión unilateral do centro, da empresa ou institución colaboradora, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:
 - e) Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
 - f) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o centro docente deberá informar a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da extinción ou rescisión dos convenios específicos de colaboración en calquera dos casos, e esta, pola súa vez, o comunicarlle á Inspección Provincial de Traballo. Así mesmo, os representantes dos traballadores dos centros de traballo serán informados do contido deste convenio de colaboración.

Novena.- Calquera eventualidade de accidente que se puidese producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos da mutualidade de tal seguro; todo iso sen prexuízo da póliza que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poida subscribir como seguro adicional para mellorar indemnizacións, cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil.

Décima.- En todo momento, o alumnado irá provisto do DNI.

Undécima.- As xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade remitirán á Inspección de Traballo unha copia do presente convenio.

Duodécima.- A duración deste convenio é a prevista no período de realización das prácticas, e considérase improrrogable.